



Plan de mellora Programa de ampliación

Lingua 6

O caderno de Ensinanza individualizada de Lingua, para sexto curso de primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

Xema Avellán Bisbal
Ánxela Carril Caldelas
Roxelio Sarriá Batlle
Begoña Soler Soriano
Xavier Molina Martí

ILUSTRACIÓN

Esperanza Martínez Molina

EDICIÓN EXECUTIVA

Afonso Toimil Castro
Amparo Tortosa Sanz

DIRECCIÓN DO PROXECTO

Ana María Guerra Cañizo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero



Presentación

A ensinanza individualizada

A ensinanza individualizada promove que cada alumno ou alumna traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Para iso, é importante establecer un plan que o axude a superar as dificultades que atope, así como a desenvolver e a potenciar as súas habilidades.

Este tipo de ensinanza baséase, pois, no uso dunha metodoloxía flexible e das técnicas e recursos educativos que mellor se adaptan ás necesidades particulares dos alumnos. Entre outras cousas, require dispoñer de materiais didácticos específicos que poidan ser utilizados en función das condicións concretas en que se desenvolve a aprendizaxe de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se persigan en cada caso.

Desde esta perspectiva, a **Biblioteca do profesorado** do proxecto **Saber facer** ofrece unha serie de materiais destinados a facilitar esa tarefa. Entre eles están:

- A serie **Aprendizaxe eficaz**, que nos primeiros cursos de Primaria traballa as habilidades básicas –atención, memoria e razoamento– e as dificultades de aprendizaxe, e a partir do 4.º curso aborda o adestramento nas técnicas de estudo.
- O conxunto de materiais denominado **Recursos complementarios**, que contén seccións variadas para cada unha das áreas do currículo, co fin de que o profesorado seleccione en cada caso as fichas que considere oportuno traballar.
- E, por último, este caderno, denominado **Ensinanza individualizada**, que inclúe, para cada unidade didáctica do libro do alumno, dous apartados:
 - Un **Plan de mellora**, composto por fichas de traballo destinadas aos alumnos e ás alumnas que necesiten un reforzo para afianzar os principais contidos da unidade e para exercitar as competencias.
 - Un **Programa de ampliación**, composto tamén por fichas concibidas para permitir que os alumnos afonden en determinados contidos, amplíen os seus coñecementos e poñan en práctica as competencias adquiridas.

Índice

PLAN DE MELLORA

Unidade 1

- 1. O grupo nominal 8
- 2. O uso das maiúsculas 9
- 3. A farmacia. Prefixación e sufixación 10

Unidade 2

- 1. Os demostrativos 11
- 2. Os posesivos 12
- 3. Repaso de acentuación 13
- 4. Os alimentos. A composición 14

Unidade 3

- 1. Numerais e indefinidos 15
- 2. Casos especiais de acentuación 16
- 3. O obradoiro de pintura.
As palabras parónimas 17

Unidade 4

- 1. O verbo (I) 18
- 2. O verbo (II) 19
- 3. O acento diacrítico 20
- 4. O ximnasio.
Eufemismos e palabras tabú 21

Unidade 5

- 1. Os pronomes persoais 22
- 2. Repaso de grafías 23
- 3. O nacemento dun bebé.
As palabras onomatopeicas 24

Unidade 6

- 1. O adverbio. As locucións adverbiais ... 25
- 2. O son B. A grafía **b** 26
- 3. A planta de reciclaxe.
Palabras polisémicas e palabras
homónimas 27

Unidade 7

1. Os enlaces: preposicións e conxuncións 28
2. O son B. A grafía **v** 29
3. A tenda de lámpadas.
Palabras sinónimas e antónimas 30

Unidade 8

1. Os enunciados. A oración. O suxeito .. 31
2. A grafía **h** 32
3. A oficina.
As frases feitas e as interxeccións 33

Unidade 9

1. O predicado nominal. O atributo 34
2. Palabras con **x** e con **ll** 35
3. A ficción científica. As siglas e as abreviaturas 36

Unidade 10

1. O predicado verbal.
Os complementos 37
2. A coma e os dous puntos 38
3. A escena dun conto. Os neoloxismos .. 39

Unidade 11

1. Clases de oracións 40
2. O punto e coma
e os puntos suspensivos 41
3. As covas. Os estranxeirismos 42

Unidade 12

1. As linguas de España. O galego 43
2. As parénteses, as comiñas e a raia 44
3. O porto. Os arcaísmos 45

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Unidade 1	48
Unidade 2	50
Unidade 3	52
Unidade 4	54
Unidade 5	56
Unidade 6	58
Unidade 7	60
Unidade 8	62
Unidade 9	64
Unidade 10	66
Unidade 11	68
Unidade 12	70
Solucións	73



Plan de mellora

1

O grupo nominal: substantivo, adxectivo e artigo

PLAN DE MELLORA. Ficha 1

Nome _____ Data _____

1 Subliña dous grupos nominais en cada oración e arrodea os núcleos.

- Saleta ten unha casa antiga enorme.
- O pai de Carme é aquel home alto.
- A zanfona ten un son moi característico.
- O primeiro concursante acertou catro preguntas.



2 Une cada grupo nominal co complemento adecuado.

Uns brazos

con flores brancas

A mestra

moi faladoras

Unhas rapazas

ben fortes

Aquel tarro

de Lingua

3 Analiza os grupos nominais coma no exemplo.

• a miña irmá pequena
Det. Det. N. Compl.

• unhas zapatillas vellas

• a nosa amiga de Ferrol

• aquel coche vermello

• tres cuncas de caldo

• algúns vasos de plástico

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Un **grupo nominal** é un grupo de palabras agrupadas arredor dun substantivo.

O **substantivo** é a palabra máis importante do grupo nominal e realiza a función de **núcleo**.

Hai outras palabras que poden formar parte dun grupo nominal: substantivos, adxectivos, artigos, demostrativos... Algunhas, como os artigos, realizan a función de **determinantes**, e outras, como os adxectivos, fan a función de **complementos**.

Nome _____ Data _____

1 Copia cada oración escribindo as maiúsculas necesarias.

- levaron a xes ao cine a ver a película *a tropa de trapo*.

- o río miño desemboca no océano atlántico.

- o que quero que compres, carlos, é azucre, fariña e ovos.

- os avós xosé e águeda visitarannos este mes.

2 Copia cada título no lugar correspondente. Ten coidado coas maiúsculas!

viaxe a saturno • unha mascota para carne • as aventuras de faísca



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

A letra inicial dunha palabra escríbese con **maiúscula** nos seguintes casos:

- Ao principio dun texto.
- Despois de signos que pechan oracións: punto, o signo de interrogación, o signo de admiración...
- Nos nomes propios de persoas, animais, lugares, etc.
- Nos títulos de contos, películas, cancións, etc.

1

A farmacia. A prefixación e a sufixación

PLAN DE MELLORA. Ficha 3

Nome _____ Data _____

1 Completa co nome do produto que corresponda.



pomada
xarope
pastillas
inxecções

- RisoX son unhas _____ para provocar sorrisos.
- Desanimexol son unhas _____ contra o desánimo.
- Felicinina é unha _____ que proporciona felicidade.
- Aburrilín é un _____ contra o aburrimto.

2 Observa e relaciona. Que fai cada un na farmacia?



- O dependente •
- pésase na báscula.
- A farmacéutica •
- mira as cremas do expositor.
- Unha clienta •
- coloca uns produtos no mostrador.
- O neno •
- tómalle a tensión a un cliente.

3 Arrodea o prefixo ou o sufixo que ten cada palabra e escríbeo ao lado.

- desánimo ► _____
- inútil ► _____
- feito ► _____
- animoso ► _____
- utilidade ► _____
- feita ► _____

Nome _____ Data _____

1 Subliña os demostrativos e clasifícaos na táboa de abaixo.

- Non compres estes melóns, aqueles parecen máis maduros.
- Esa bicicleta é a miña e aquela é a do meu curmán Xaime.
- A nai de Susana vai vir traballar a esta escola.
- Ponme un pemento; ese verde, non, mellor este encarnado.



Proximidade	Distancia media	Afastamento

2 Arrodea o demostrativo e relaciónao coa función que desempeña dentro do grupo nominal.

O home aquel pregunta por ti.

Este é o meu irmán.

Mira esa bolsa, está rota!

A túa gata é aquela, Paulo?

Determinante

Núcleo

Complemento

3 Risca o demostrativo incorrecto en cada caso.

- Pásame ese / aquela libro e levareino a aquel / esta andel.
- O meu bolígrafo é isto / ese, o que está onda aquel / aquela cadeira.
- Aqueles / Esta rapazas escolleron eses / aquilo xogos.


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **demostrativos** son as palabras que sinalan os seres ou os obxectos e indican a distancia que hai entre estes e a persoa que fala. Indican **proximidade**, **distancia media** ou **afastamento**.

Os demostrativos poden realizar a función de **determinante**, de **complemento** ou de **núcleo** dentro do grupo nominal.

Nome _____ Data _____

1 Risca as palabras que non sexan posesivos.



2 Relaciona e escribe os grupos nominais que formes.

o	seus	bolis	▶ _____	
a	nosas	balón	▶ _____	
as	teu	galletas	▶ _____	
os	vosa	tartaruga	▶ _____	

3 Subliña os posesivos de cada oración e indica debaixo a función que desempeñan.

- A súa irmá é amiga da miña desde hai moitos anos.
 Det. N.
- Cando saía da casa, atopei o teu curmán cuns amigos seus.
- Meus pais din que si, que podo durmir na casa vosa.
- O meu patinete non é tan novo coma o teu.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **posesivos** son as palabras que expresan que un ser ou un obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor.

Os posesivos indican a **persoa** gramatical (1.^a, 2.^a, 3.^a) e se hai **un posuidor ou varios**.

Os posesivos poden realizar a función de **determinante**, de **núcleo** ou de **complemento** dentro do grupo nominal.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto, localiza dúas palabras de cada tipo e cópiaas.**O exame**

Son as nove da mañá. Despois, cando sexan as once, teño exame de inglés. Non é que sexa moi difícil, pero estudei pouco. Que se as clases de música, que se o adestramento de tenis... En fin, que sempre o deixo para a última hora e despois non teño tempo de nada. A ver se hai sorte e é fácil... Oxalá!



Agudas		Graves		Esdrúxulas
Con acento	Sen acento	Con acento	Sen acento	

2 Ponlles acento gráfico ás palabras que o precisen.

- camion
- compas
- arder
- alcohol
- caiman
- cafe
- chandal
- cervo
- datil
- escaner
- luvas
- pantalla
- loxico
- fabrica
- fisica
- aereo
- unica
- fantastica

3 Completa cada oración coa palabra que corresponda.

sairá / saíra

• Cando cheguei, o tren xa _____.

• Ese disco _____ o luns?

país / pais

• Chamaron teus _____ por teléfono.

• Lola marchou do _____.

leria / lería


• Estivo de _____ con Ana ata as oito.

• Dixo que _____ o xornal logo.


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrige as actividades anteriores.

- As **palabras agudas** levan acento gráfico cando son polisílabas e acaban en vogal, en vogal + **s**, en vogal + **n** ou en vogal + **ns**. Non levan acento gráfico se acaban en ditongo decrecente.
 - As **palabras graves** levan acento gráfico cando acaban en consoante distinta de **n** ou **s**, en grupos consonánticos distintos de **ns**, e tamén en ditongo decrecente seguido ou non de **n** ou **s**.
 - As **palabras esdrúxulas** acentúanse graficamente sempre.
- Os **hiatos** con vogal tónica pechada e átona aberta, levan o acento gráfico sobre a vogal pechada.

Nome _____ Data _____

1 Pinta no debuxo os produtos da lista da compra.**2** Completa as oracións coas palabras destacadas da actividade anterior.

- Vostede atopará as pizzas na sección de _____.
- Alberte, merca unha _____ de laranxas na froitaría.
- Trae unha _____ de manteigadas para a merenda.
- Mamá levou seis _____ de leite ao banco de alimentos.
- Señores clientes: hoxe teñen o lombo de salmón _____ a 5 € o quilo.

**3** Escribe a palabra composta que lle corresponde a cada definición.

- Aparello que serve para indicar a dirección do vento. ► _____
- Aparello que se coloca sobre os edificios para protexelos de descargas eléctricas. ► _____
- Máquina para lavar os pratos, vasos, etc. que funciona con electricidade. ► _____
- Utensilio que se emprega para sacar rollas das botellas. ► _____

4 Escribe palabras compostas.

vento



sol



choque



auga

Nome _____ Data _____

1 Localiza os dez primeiros numerais ordinais e escríbeos a carón dos cardinais correspondentes.

1 ► _____

2 ► _____

3 ► _____

4 ► _____

5 ► _____

C	S	É	T	I	M	O	V	C	E
T	E	R	C	E	I	R	O	R	N
F	G	P	R	I	M	E	I	R	O
C	U	A	R	T	O	X	S	I	V
E	N	T	M	G	N	T	E	T	E
S	D	É	C	I	M	O	X	E	N
C	O	I	T	A	V	O	T	R	O
Q	N	Q	U	I	N	T	O	E	X

6 ► _____

7 ► _____

8 ► _____

9 ► _____

10 ► _____

2 Completa cada oración cun dos indefinidos propostos.

algún

• Ramón chega ao traballo _____ día ás oito da mañá.

• Ana comeu _____ o pan que tiña diante.

cada

• Poderías deixarme _____ libro interesante?

• Na estrea había _____ xente.

todo

moita

3 Relaciona. Que función desempeña o numeral ou o indefinido destacado no grupo nominal?Pon unha chaqueta **calquera**. •

Determinante

Asistiu **pouca** xente á reunión. •Comiches **demasiadas** lambetadas. •

Núcleo

Na clase, eu son o número **vinte**. •

Complemento

Luís chegou o **primeiro** á meta. •**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **numerais** son palabras que indican cantidade ou orde de maneira precisa. Poden ser **cardinais** ou **ordinais**.

Os **indefinidos** expresan cantidade ou identifican algo ou alguén de forma imprecisa.

Os numerais e os indefinidos poden realizar a función de **determinante**, de **complemento** ou de **núcleo** no grupo nominal.

3

Casos especiais de acentuación

Nome _____ Data _____

1 Ponlles acento gráfico ás palabras de cada mensaxe que o precisen.

Recollemosche o traxe na tinturaria e deixamoscho na casa.

Tes sopa na neveira, sacaa e quentaa no microondas.

Rosa, colleme a entrada para a funcion das oito; vemonos despois no auditorio.

2 Explica por que estas palabras compostas levan acento gráfico ou non.

- pasamáns _____

- baloncesto _____

- afialapis _____

3 Copia estes titulares poñéndolles acento gráfico ás palabras que o precisen.

Comeza o campionato de badminton e de pimpon en Galicia

Un trailer avariado causa un atasco monumental na autoestrada

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- Os verbos cos pronomes pospostos seguen as normas xerais de acentuación.
- Os estranxeirismos adaptados á nosa lingua tamén seguen as regras xerais de acentuación.
- As palabras compostas seguen as regras xerais de acentuación tanto se se escriben xuntas coma se van unidas por guión.

Nome _____ Data _____

1 Ordena os pasos que segue a rapaza para pintar un cadro.



2 Completa coas palabras anteriores o proceso de pintar un cadro.

bosquexa • borra

colorear • retoca

pincel • lapis

pinturas • goma

Primeiro, a pintora _____ o debuxo nun caderno co _____. Se é preciso, _____ coa _____ o que non lle gusta e, cando xa ten feito o bosquejo, traslada o debuxo ao lenzo. Unha vez trazada a figura, terá que a _____ coas _____. Finalmente, _____ o cadro marcando os detalles cun _____ fino.

3 Marca a opción correcta. Que son as palabras parónimas?

- As que significan o mesmo, como *calidades* e *aptitudes*.
- As que se semellan e se poden confundir, como *aptitudes* e *actitudes*.

4 Risca, en cada parella de parónimos, o que non é adecuado na oración.

- A avoa fixo para xantar.
- Esta bolboreta é dunha nova.
- Paulo tomou un caramelo de menta para a tose, pero non lle fixo .



Nome _____ Data _____

1 Subliña as formas verbais que atopas nesta noticia.

Comarcal	13 de febreiro de 2016
Un león solto no barrio do Milleiral	
<p>Un veciño da comarca levou hoxe un gran susto. Xosé S. camiñaba cara á panadaría cando se cruzou cun león na rúa. «Crin que me ía comer!» declarou o home. «Pero seguiu o camiño e telefonei a policía.»</p>	<p>Parece que o león escapou do zoolóxico e chegou ao barrio. «Por sorte, conseguimos capturalo sen risco coa axuda dos responsables do zoo», asegurou un dos axentes que participaron na captura.</p>

2 Localiza no texto anterior unha forma verbal axeitada a cada caso e cópiaa.

- | | |
|--|--|
| • 1. ^a persoa de singular ► _____ | • 1. ^a persoa de plural ► _____ |
| • 3. ^a persoa de singular ► _____ | • 3. ^a persoa de plural ► _____ |

3 Separa a raíz e a desinencia de cada forma verbal. Despois, anota o infinitivo e a conxugación.

- | | |
|---|--------------------|
| • toc ^í aba ► <u>tocar, 1.^a conxugación</u> | • debatían ► _____ |
| • sabías ► _____ | • pensaron ► _____ |
| • fuxían ► _____ | • uliu ► _____ |

4 Completa coas formas non persoais que se indican entre parénteses.

- Se non saes _____, non dás _____ a tempo.
(correr, xerundio) (chegar, participio)

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **verbos** son palabras que expresan accións ou estados e que os sitúan no tempo. A forma con que se nomea un verbo é o **infinitivo** e o conxunto de todas as formas dun verbo é a **conxugación**.

As **formas verbais** constan dunha **raíz**, polo xeral común ao resto da conxugación, e dunhas **desinencias**, que informan do número e da persoa da forma verbal.

As formas verbais que non teñen persoa denomínanse **non persoais**. Son o **infinitivo**, o **xerundio** e o **participio**.

Nome _____ Data _____

1 Completa cada oración cunha forma verbal no tempo en que se indica.

	PASADO	PRESENTE	FUTURO
<i>comer</i>	_____ o pan.	_____ o pan.	_____ o pan.
<i>viaxar</i>	_____ en tren.	_____ en tren.	_____ en tren.
<i>fritir</i>	_____ un ovo.	_____ un ovo.	_____ un ovo.

2 Relaciona cada situación co modo verbal que se emprega para expresala.

- | | |
|---|--------------------|
| Dás unha orde: <i>Paulo, cala, por favor!</i> • | • Modo indicativo. |
| Expresas un desexo: <i>Oxalá chova!</i> • | • Modo subxuntivo. |
| Explicas un feito real: <i>Pinto cadros.</i> • | • Modo imperativo. |

3 Escribe a 1.^a persoa do presente de indicativo e a do pretérito perfecto de indicativo de cada verbo.

- | | |
|------------------|---------------|
| • curar ▶ _____ | • ter ▶ _____ |
| • abrir ▶ _____ | • ir ▶ _____ |
| • premer ▶ _____ | • ver ▶ _____ |

4 Copia o infinitivo dos verbos anteriores onde corresponda.

Regulares	_____	_____	_____
Irregulares	_____	_____	_____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.As formas verbais sitúan a acción no **pasado**, no **presente** ou no **futuro**.O **modo verbal** informa da actitude do falante respecto da acción. Son tres: **indicativo**, **subxuntivo** e **imperativo**.Os **tempos verbais** son os conxuntos de formas que expresan o mesmo tempo e presentan a acción do mesmo modo. Clasifícanse en tempos de pasado, de presente e de futuro.Os verbos **regulares** non sofren cambios na raíz ou nas desinencias con relación ao modelo da conjugación. Os **irregulares** sofren cambios na raíz ou nas desinencias con relación ao modelo.

Nome _____ Data _____

1 Marca a forma correcta en cada caso. Despois, pronuncia cada palabra en voz alta.


 bola

 bóla

 oso

 óso

 te

 té

 pola

 póla

 nó

 no

2 Escolle a palabra axeitada para completar cada oración. Consulta o dicionario, se che cómpre.

pór / por

- Tedes que _____ o chuvasqueiro, porque chove.

présa / presa

- Sempre sae da casa tarde e con _____.

pé / pe

- O sinal de aparcadoiro ten escrito un _____ maiúsculo.

fóra / fora

- Non cabía todo na maleta e tiven que deixar _____ o calzado.

3 Copia as oracións poñéndolles os acentos diacríticos ás palabras destacadas que o precisen.

- Esa mesa **e** de madeira **e** ten unha chea de anos.

- Na cesta aínda cabían **mais** patacas, **mais** non as quixo meter.

- Confirmaron que **as** amigas van chegar **as** oito.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Algunhas palabras levan **acento diacrítico** para diferencialas doutras que teñen a mesma forma, pero un significado diferente.

Nome _____ Data _____

1 Observa a imaxe e arrodea a opción correcta nas oracións de máis abaixo.



- A parede do fondo do ximnasio está cuberta de **espaleiras / argolas**.
- As **colchonetas / poldros** están diante das espaleiras.
- Hai tres persoas que están **saltando / pedaleando** nas bicicletas estáticas.
- Un home calvo **ergue / salta** pesos.
- Un mozo moi alto fai exercicio nas **argolas / bicicletas**.
- O home que corre na cinta **súa / pedalea** moito.

2 Completa coa calidade máis adecuada para cada deportista.

fraco
áxil
flexible
musculoso

- A moza que salta o poldro é _____.
- O home que levanta os pesos é _____.
- A moza que está na colchoneta é _____.
- O mozo que está nas argolas é moi _____.

3 Relaciona cada eufemismo coa palabra tabú correspondente.

defunción

lavabo

conflicto bélico

demente

váter

morte

tolo

guerra

Nome _____ Data _____

1 Subliña os pronomes persoais tónicos que hai nestas oracións e completa con eles a táboa.

- Ti vas ir canda nós ao cine esta tarde?
- El non quere falar con eles e non sei por que.
- Cando eu cheguei, ela xa marchara.
- Elas pintan o cartel e vós recolledes o material.

	singular	plural
1. ^a persoa		
2. ^a persoa		
3. ^a persoa		

2 Completa a resposta usando o mesmo verbo e substituíndo o destacado polo pronome persoal.

- Mercaches **o xampú** que che encarguei?

Non _____ porque estaba pechada a tenda.

- Xa liches **o libro** que colliches na biblioteca?

Si, xa _____ esta fin de semana.

- Puxeches **a chaqueta** no colgadoiro?

Non, _____ no cesto da roupa, para lavalas.

- Contácheslle **a Xiana** a onde imos ir esta tarde?

Si, _____ que imos ir ao cine.

- **Xurxo e mais ti** tamén ides ás clases de patinaxe?

Non, _____ ás clases de judo.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **pronomes persoais** son palabras que serven para nomear os seres ou os obxectos sen utilizar substantivos.

Hai pronomes persoais de **primeira, segunda e terceira** persoa. Poden ser tónicos ou átonos.

Os pronomes persoais **tónicos** poden aparecer sós. Os pronomes **átonos** van sempre a carón dun verbo, diante ou detrás del.

Nome _____ Data _____

1 Completa o texto coas grafías que faltan: *c/qu*, *z/c* ou *g/gu*.

As palabras xo_____an cando son pe_____enas. Xo_____an aos a_____ochos cando _____eremos di_____ir unha _____ousa e non nos sae. _____edan mesmo na punta da lin_____ua, ben pe_____adas con _____uspe. Tamén xogan ás _____arreiras, e son tan velo_____es que che_____an á ve_____á meta. _____ando isto o_____orre, sáennos embarulladas e nin_____én entende o que di_____imos. Hainas _____e van de entroido; unhas visten os traxes das outras e _____onfúndennos ao escribir: *Vurro*, *Keixo*, *TouZiño* e *autoGús*. Este xogo é o que máis lles _____usta ás moi pillas. As palabras engrúñanse _____ando teñen frío. Dormen connos_____o, cando non pade_____en de insomnio, e fannos falar en soños.

Gloria Sánchez (adaptación)

2 Escribe de forma correcta as catro palabras que o texto anterior di «que van de entroido».**3** Localiza oito palabras que conteñan o son R forte e clasifícaas. Fíxate nas definicións.

- | | | |
|------------------------------|-------------------|---------------------------------|
| 1) O noso planeta | 3) Gritar. | 5) Conxunto de pezas de vestir. |
| 2) Recipiente para líquidos. | 4) Día da semana. | 6) Cría da vaca. |

C	S	E	T	E	R	R	A	C	C	E
X	E	R	C	E	I	R	R	T	R	N
F	R	O	U	R	O	U	P	A	X	B
C	B	E	R	R	A	R	O	V	E	E
E	N	T	V	E	N	R	E	S	R	R
T	E	N	R	E	I	R	A	X	R	A
C	A	I	T	A	V	E	A	R	A	S

ESCRÍBENSE CON R



ESCRÍBENSE CON RR

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

A maior parte dos sons do galego represéntanse cunha soa letra, pero hai algúns que se representan con varias.

- O son G represéntase con **g** e **gu**.
- O son Z represéntase con **c** e **z**.
- O son B represéntase con **b** e **v**.
- O son K represéntase con **c** e **qu**.
- O son R forte represéntase con **r** e **rr**.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e clasifica as accións destacadas onde corresponda.

Para:

Asunto:

Ola, Marta! Xa está! Onte pola mañá naceu a miña irmanciña. É bonita, pero... un pouco aburrida! Non fai máis ca **chorar, mamar, durmir**, volver mamar... Non fai nada! Meus pais sempre lle **bisban** cabo da orela, **arrólana, cántanlle**... pero ela, quieta. Que ganas teño de que medre! Ben, terei que esperar... ;-)

Bicos.


Alberte

Faino o bebé _____


Fano os pais _____

2 Escribe o número que lle corresponde a cada obxecto debuxado.

- 1 chupete 2 berce
3 cueiro 4 babeiro



3 Relaciona cada son coa palabra onomatopeica correspondente.



bisbar

piar

chapuzar

6

O adverbio. As locucións adverbiais


Nome _____ Data _____

1 Localiza no texto un adverbio de cada tipo e cópiao no lugar correspondente.

Hoxe fixemos no colexio unha xornada de xogos populares. Pasámolo moi ben porque facemos exercicio físico e tamén amigos. Xogamos aos birlos, á chave, á petanca...

A mestra organizou un campionato con outros colexios. A vindeira semana comezamos coas primeiras xornadas. Será fóra, noutra vila. Quizais gañemos algunhas medallas!

Cando comezamos a practicar estes xogos, eu non o tiña demasiado claro, pero agora encántame. Cada día gústame máis!



Lugar	Tempo	Modo	Cantidade	Afirmación	Negación	Dúbida

2 Fíxate nos adverbios destacados e indica que palabra modifican.



- Guillermo cociña **extraordinariamente** ben. ↑
Adverbio
- A miña curmá Tareixa **sempre** me regala contos.
- Elisabeth fala **moi** ben o galego.
- Colliches os tomates **demasiado** verdes.

3 Completa cada oración cun adverbio de diferente clase.

- Pasámolo _____ na festa.
- Andrea chegou _____ á reunión.
- _____ visitaremos un museo.
- Eles viven _____ desde hai anos.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **adverbios** son palabras invariables que achegan información sobre as circunstancias de lugar, tempo, modo ou cantidade, ou expresan afirmación, negación ou dúbida.

Os adverbios poden funcionar como **complemento** dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.

Nome _____ Data _____

1 Fixate nas definicións e escribe as palabras letra a letra.

- Insecto con ás de moitas cores. ▶ _____
- Chuvia conxelada que cae en forma de grans. ▶ _____
- Persoa que cociña e vende os polbos. ▶ _____
- Franxa de terra ao lado do río ou do mar. ▶ _____
- Cano con chave por onde sae un líquido. ▶ _____
- Segundo mes do ano. ▶ _____

2 Completa os verbos con *b* ou con *v*, segundo corresponda.

- ____i____ir
- escri____ir
- descri____ir
- su____ir
- sa____er
- prohi____ir
- ____ol____er
- fer____er
- lam____er
- ser____ir

3 Escribe palabras que comecen por estas sílabas.

- bu ▶ _____
- bur ▶ _____
- bus ▶ _____

4 Completa as oracións con formas verbais en pretérito imperfecto de indicativo.

- Cando Carme e Luís cant_____, todos nós os escoit_____ emocionados.
- Daquela, nós xoga_____ no equipo da vila e gañ_____ moitos partidos.


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrige as actividades anteriores.

Escríbense con **b** moitas palabras como *billa*, *bolboreta*, *polbo*, *ribeira*, *sarabia*... e tamén:

- Detrás de **m** e diante de **l** e **r**.
- Nas palabras que comezan por **bu-**, **bus-**, **bur-**
- Nas terminacións **-aba**, **-abas**, **-aba**, **-abamos**...
- Nas formas dos verbos *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*.
- Nas formas dos verbos rematados en **-bir** e **-buír**, agás *servir*, *vivir* e *vir*.

Nome _____ Data _____

1 Resolve o encrucillado sobre os materiais que se reciclan e o lugar a onde van.



2 Completa cada oración coa palabra homónima que corresponde.

barro – varro – botar – votar – boa – voa

- Hoxe imos _____ para elixir o delegado.
- O oleiro fixo unha pota de _____.
- Esta froita xa está _____ para comer.
- Tes que _____ o vidro no iglú.
- Eu _____ o meu cuarto.
- Ese avión de papel _____ mal.

3 Escribe dous significados de cada palabra polisémica.

banco

casa

Nome _____ Data _____

1 En cada oración, subliña unha preposición e arrodea unha conxunción.

- Hoxe, de xantar, pode vostede escoller lentellas ou cocido. Que lle apetece?
- Carlos, levaches o cartón e o papel para reciclar?
- Andrés non quere correr nin ir en bici.
- Antes Claudia era amiga de Carme, pero agora non se falan.
- Podería marchar xa con Paula, pero apetécame quedar un pouco máis.

2 Risca, en cada caso, a preposición que non sexa adecuada.

- Lémbtrate comprar chourizo o cocido do domingo.
- a miña casa a túa hai uns dous quilómetros.
- Ana viu pasar un coche cabalos ese camiño.
- Miguel quere as torradas manteiga pero marmelada.

3 Fíxate nas conxuncións do cadro e completa cada oración coa que corresponda. Despois, relaciona cada oración co tipo de conxunción que conteña.

- | | |
|--|---------------------------|
| Xosé toca o saxo _____ Ester, o clarinete. • | |
| O cadro é bonito, _____ o marco non me gusta. • | • Conxunción copulativa. |
| Alba, vés connosco _____ quedas aquí? • | • Conxunción disxuntiva. |
| _____ Mar _____ Paulo viñeron á festa. • | • Conxunción adversativa. |
| Iremos ao cine _____ á praia; non o decidimos aínda. • | |

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **enlaces** son palabras invariables que serven para unir palabras ou grupos de palabras.

As **preposicións** son enlaces que unen palabras co seu complemento.

As **conxuncións** son enlaces que unen palabras ou grupos de palabras nunha oración, ou dúas oracións entre si. Hai conxuncións copulativas, disxuntivas e adversativas.

Nome _____ Data _____

1 Completa estas oracións cunha forma do verbo que conteña a grafía v.

- A película que nós _____ vendo onte era moi divertida.
(estar)
- O público _____ en silencio durante toda a proxección do documental.
(manterse)
- Aqueles ciclistas non se _____ a tempo e chocaron contra o valo.
(deter)
- O noso colexio _____ o ano pasado dous premios importantes.
(obter)

2 Completa as seguintes palabras con b ou con v.

- fer____enza • resa____ido • sa____ichón • de____edor • de____eres
- sa____edoría • fer____edoiro • en____ol____ente • ____isual • dé____eda
- en____oltura • en____oltorio • fer____ente • ____idente • ____iseira

3 Copia ao lado de cada verbo as palabras anteriores que pertencen á súa familia.

- ferver ▶ _____
- envolver ▶ _____
- ver ▶ _____

4 Escribe, en cada caso, un adxectivo que conteña a grafía v.

- Que nutre ▶ _____
- Que se emociona ▶ _____
- Que ofende ▶ _____
- Que constitúe un abuso ▶ _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Escribíense con **v** moitas palabras como *avogado, gravata, vasoira, vermello, vulto...* e tamén:


- As palabras en que o son B vai detrás de **n**.
- Os adxectivos rematados en **-avo/a, -ave, -evo/a, -eve, -ivo/a**.
- As formas dos verbos que teñen o son B e que non levan nin **b** nin **v** no infinitivo (exceptúanse as terminacións *-aba, -abas, -aba...* dos verbos da 1.^a conxugación).
- As formas dos verbos rematados en **-ver** agás *absorber, beber, caber, deber, haber, lamber, saber e sorber*.
- Nas formas dos verbos *servir, vivir e vir* e as palabras da súa familia.

Nome _____ Data _____


1 Completa cada pareado co nome do obxecto a que se refiren.




A _____ útil será
se de acampada vas estar.



Se de noite queres ler,
un _____ virache ben.



Se hai un _____ na rúa,
a circulación faise máis segura.



Hai _____ hoxe en día
que axudan a aforrar enerxía.

2 Completa o texto cos verbos do recadro.



Todo a punto

Xa acabaron de _____ a iluminación. Roque
premeu o botón para _____ os focos
e _____ o escenario. Todo está preparado
para a función... A ver como vai a estrea.

3 Escribe cada oración substituíndo as palabras subliñadas por un sinónimo.


- Preocúpame Xulio: está delgado de máis e ten unha faciana triste.

- Esas mazás son careiras e por riba están acedas.

- Hoxe sopra un vento maino e a temperatura é pracenteira.

Nome _____ Data _____

1 Escribe, detrás de cada enunciado do texto, se é unha frase (F) ou unha oración (O).



Unha decisión difícil

A avoa preguntou que quero para xantar. Mmm, que difícil!

Gústanme tantas cousas... Peixe? Polo asado?

Ou unha boa paella? Non, xa o sei! Pedireille lentellas!

A avoa fainas con espinacas, cenoria e chourizo. Boisimas!

2 Subliña o suxeito e arrodea o predicado de cada oración.

- O partido ao aire libre aprazouse para mañá pola chuvia.
- Neves traballa de administrativa na empresa de seu pai.
- As clases de solfexo da escola de música comezan hoxe.
- Nesta praza vive a curmá de Marta.



3 Escribe a carón de cada oración se ten un suxeito léxico ou gramatical.

- A miña irmá ten dous anos. ▶ _____
- Advertiume do perigo. ▶ _____
- A mochila de Roi é verde. ▶ _____
- Chegaremos moi tarde. ▶ _____

4 Copia os suxeitos léxicos da actividade anterior e identifica o núcleo, os determinantes e os complementos.

- _____
- _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **enunciados** son agrupacións ordenadas de palabras que teñen sentido completo. Poden ser **frases** ou **oracións**.

As **oracións** conteñen polo menos unha forma verbal conxugada e estrutúranse en **suxeito** e **predicado**. O **suxeito** pode ser **léxico** ou **gramatical**. O **suxeito léxico** consta sempre dun **núcleo**, que pode ir acompañado ou non de **determinantes** e de **complementos**.

Nome _____ Data _____

1 Completa con *h* as palabras que o precisen.

- ___armonía • pro___ibición • ___inverno • ___umilde • ___oco
- ___ome • ve___ículo • ___amaca • ___imno • ___umor
- in___umano • ___auga • ___ostal • ___exágono • ___abrir

2 Copia as oracións poñéndolles *h* ás palabras que deben levalo.

- Fomos a un otel onde abía bañeiras de idromasaxe nos cuartos.

- A meu irmán non lle gusta mercar no ipermercado.

- O orario de atención ao público comeza ás oito.

- Seica oxe imos ver a actuación dun coñecido umorista.

3 Escribe a palabra que responde a cada definición. Unhas levan *h* e outras, non.

- Lugar onde hai que ir para operarse. ► _____
- Podes comelo duro, frito, pasado por auga... ► _____
- Cada unha das partes que forman o noso esqueleto. ► _____
- O día ten 24, cada unha de 60 minutos. ► _____

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.Escríbense con **h**:

- Todas as formas dos verbos *haber, habitar, herdar, hospedar...*
- As palabras que comezan por **hect-**, **hemi-**, **hept-**, **hexa-**, **hidro-**, **hiper-**, etc.
- Moitas outras palabras como *harmonía, herba, historia, hotel, humidade...* e os seus derivados.

En galego escríbense sen **h** algunhas palabras que en castelán si o levan.

Nome _____ Data _____

1 Subliña o predicado de cada oración e arrodea o verbo.
Ao acabar, marca o tipo de predicado que corresponda.

	Predicado nominal	Predicado verbal
A ferraxaría da praza vella é a mellor da cidade.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Helena regaloulle un móbil á súa curmá Pepa.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O camiño de arriba está desfeito polo paso de camións.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A tempestade arrincou varios piñeiros do parque.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Esta novela parece moi interesante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>



2 Analiza o predicado nominal de cada oración seguindo o modelo.

Uxío é mecánico.

P. nominal
V. cop. Atributo

Ana e Claudia parecen enfadadas.

A avoa está un pouco arrefriada.

Aquelas montañas parecen moi altas.

3 Completa estas oracións cun atributo adecuado.



- O meu curmán Xaime parece _____.
- A fonte da praza está _____.
- A auga desa fonte é _____.
- Estas nubes son _____.



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

O predicado dunha oración pode ser nominal ou verbal.

O **predicado nominal** expresa que é ou como está o suxeito. Está formado por un **verbo copulativo** (*ser, estar ou parecer*) e un **atributo**, que é a palabra ou o grupo de palabras que expresan unha calidade ou un estado do suxeito. Poden realizar a función de atributo un adxectivo, un substantivo, un pronome ou un grupo nominal.

Nome _____ Data _____

1 Completa as palabras con x ou con s. Utiliza o dicionario se o precisas.

Un gran partido

Na e_____cola temos un equipo de fútbol mi_____to. Hai moi bos _____ogadores e _____ogadoras, pero U_____ía é a nosa e_____perta en meter goles. Esta fin de semana con_____eguiu encai_____ar cinco goles na portaría contraria. Sen dúbida é unha _____ogadora e_____traordinaria. Fi_____o un partido e_____spectacular.



2 Localiza no texto anterior seis palabras que conteñan a grafía x e cópiaas onde corresponda.

O x pronúnciase coma en xeo

O x pronúnciase coma en *texto*

3 Completa con x ou con // estas palabras.

- in_____ección
- tra_____e
- en_____esar
- _____ampú
- rei_____a
- ore_____a
- coe_____o
- burbu_____as
- baca_____au
- te_____ado



4 Escribe a carón de cada definición a palabra con // que corresponda.

- Conxunto de dúas persoas. ▶ _____
- Insecto que fabrica o mel. ▶ _____
- Camión polo que se adianta. ▶ _____
- Utensilio que se emprega para coser. ▶ _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

A grafía **x** pode representar dous sons en galego.

- A maioría das veces, a grafía **x** pronúnciase coma en *xenio* e *lonxe*.
- En moitas palabras cultas, a grafía **x** pronúnciase KS coma en *exame* e *expediente*.

Levan **x** palabras cos prefixos *ex-* e *extra-*. Ás veces, por influencia do castelán, algúns falantes utilizan **x** en palabras que teñen que levar **ll**.

Nome _____ Data _____

1 Observa a escena e completa cada oración coa palabra adecuada.



- astronauta
- robot
- satélite
- extraterrestres
- prato voador
- casco
- foguete

- O _____ baixou do seu _____ sorprendido.
- Un _____ acompaña o astronauta na súa aventura.
- Os _____ reciben o terrícola que chega ao seu mundo.
- No ceo vese un _____ redondo e unha grande cantidade de _____ .
- O astronauta non podería respirar neste planeta sen o _____ e o osíxeno.


2 Escribe ao lado de cada abreviatura a palabra que representa.

- tfno. ▶ _____
- pág. ▶ _____
- Vde. ▶ _____
- núm. ▶ _____
- avda. ▶ _____
- Sr. ▶ _____

3 Arrodea as siglas do texto e cópiaas onde corresponda.

- Unión Europea ▶ _____
- Estados Unidos de América ▶ _____
- Educación Secundaria Obrigatoria ▶ _____
- Organización das Nacións Unidas ▶ _____

Os estudantes da ESO da localidade participarán nun concurso sobre o espazo organizado pola UE e a ONU. O premio é unha viaxe aos EUA. Moita sorte!



Nome _____ Data _____

1 Escribe debaixo se o complemento subliñado é directo (CD) ou indirecto (CI). Despois, substitúeo por un dos pronomes indicados.

CD o, a, os, as

CI lle, lles

- O pai canta cancións ás fillas xemelgas. ► *O pai cántal**les** cancións.*
CI
- Ana levou o regalo de aniversario á avoa. ► _____
- Non tivo que preguntar o enderezo. ► _____
- Cando ensinarás as fotos de París? ► _____

2 Arrodea o complemento circunstancial e relaciona. De que tipo é?

- | | |
|--|-----------------|
| O meu curmán Xoán e os seus pais viven en Muxía. • | • De modo. |
| Iremos visitar a Guillerme pola tarde. • | • De cantidade. |
| Sabela canta de marabilla calquera canción. • | • De tempo. |
| A empanada de mexillón gústame moitísimo! • | • De lugar. |

3 Analiza o predicado verbal de cada oración seguindo o modelo.

- | | | |
|---|--------------------------------------|----|
| P. verbal | P. verbal | |
| • <u>Onte</u> Mariña <u>pisou</u> <u>lle</u> <u>un pé</u> <u>a Tomé</u> . | • Cun rotulador escribiu o seu nome. | |
| CC Tempo | N | CI |
| | CI | CD |
| | | CI |
- Despois Antón entregará o traballo ao titor.
 - Anxo vive en Boiro cunha tía.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

O predicado verbal está formado por un verbo predicativo, que funciona como **núcleo**, e polos seus **complementos**. Os principais complementos verbais son os seguintes:

- O **complemento directo** (CD) nomea o obxecto ou a persoa sobre o que recae a acción verbal.
- O **complemento indirecto** (CI) nomea o destinatario da acción que indican o verbo mais o complemento directo.
- O **complemento circunstancial** (CC) expresa diversas circunstancias da acción verbal: lugar, tempo, modo, causa, cantidade, instrumento, compañía, etc.

Nome _____ Data _____

- 1** Coloca as comas e os dous puntos que faltan nesta carta.

Benqueridos alumnos e alumnas____

Lémbrovos que pasadomañá____ tal e como estaba programado____ faremos unha excursión para coñecermos o porto da vila.

Realizaremos as seguintes actividades____ coñecer un barco por dentro____ observar o traballo na lonxa e visitar o museo ao aire libre das redeiras.

Non esquezades traer bocadillo ____ auga ____ calzado deportivo e roupa de abrigo porque se prevé un día frío.

- 2** Marca en cal destas oracións se empregaron ben os dous puntos e explica por que.

Para pintar este cadro precisas: a cor amarela, a verde e a azul.

Para pintar este cadro precisas tres cores: a amarela, a verde e a azul.

- 3** Copia as oracións poñendo as comas que faltan.

- Coidado o chan está esvaradio!

- O luns Día das Letras Galegas non hai clase.

- REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

Empégase a **coma** (,) nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración, agás o último se vai precedido polo enlace e.
- Para facer unha aclaración no medio dunha oración.
- Para separar na oración o nome da persoa á que nos diriximos (vocativo).
- No lugar do verbo que se omite porque se sobreentende.

Empéganse os **dous puntos** (:) nos seguintes casos:

- Despois do saúdo en notas e cartas.
- Para introducir unha enumeración que se anuncia.
- Antes de citar as palabras que dixo alguén.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea o personaxe de conto que corresponde con cada descrición.

Axuda as persoas a través de feitiços. ▶

dragón



fada



gnomo




trasno



◀ Vive no bosque, é diminuto e moi sabio.

2 Observa e indica cales destas oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- A ilustración representa un claro do bosque.
- Hai un raposo que sae do seu tobo.
- Hai algunhas matogueiras.
- Debaixo das árbores vense flores.



3 Corrixe as oracións falsas da actividade anterior.

4 Le o texto e arrodea os neoloxismos que atopas.

Unha excursión desaproveitada

Meus pais e mais eu visitamos nas vacacións unha cova prehistórica. Ten pinturas rupestres moi bonitas. Pero meu pai queixábase seguido. Que se non lle quedaba batería no MP4, que se non podía chatear cos amigos, que se tanta humidade lles faría mal aos microchips da tableta táctil que tiña na mochila... Non gozou nada da excursión! Se o sacas dos videoxogos, meu pai xa non sabe divertirse. E claro, unha cova sen conexión a Internet parécelle do máis aburrida!



Nome _____ Data _____

1 Le o diálogo e copia cada oración onde corresponda.



- Imperativa ► _____
- Dubitativa ► _____
- Interrogativa ► _____

2 Completa para formar unha oración composta.

- Mandeilte un correo electrónico pero _____
- O vendedor pechou a tenda porque _____
- Vai demasiada calor e _____
- Espero na casa mentres ti _____

3 Completa estas oracións cunha forma pasiva do verbo que tes entre parénteses.

- Ese traxe _____ por un famoso modisto.
(deseñar)
- Estas vivendas _____ no século pasado.
(construír)
- Seguro que ti _____ polos teus compañeiros como delegado.
(escoller)

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- Segundo a intención do falante, as oracións poden ser **enunciativas** (afirmativas ou negativas), **exclamativas**, **interrogativas**, **imperativas**, **desiderativas** ou **dubitativas**.
Segundo o número de verbos que conteñen en forma persoal, as oracións son **simples** ou **compuestas**.
- Segundo a voz verbal, as oracións poden ser **activas**, co verbo en voz activa, ou **pasivas**, co verbo en voz pasiva (co verbo *ser* e o participio do verbo conxugado).

Nome _____ Data _____

1 Numera segundo corresponda. Que uso do punto e coma se fai en cada oración?

1) Separa os elementos dunha enumeración onde xa hai comas.

Xulio quería ir ao cine; non obstante, non sabía se seus pais o deixarían ir porque se portara bastante mal.

2) Vai diante dun enlace que introduce unha oración longa.

Convidei á festa os meus amigos Xoel, Xulio e Bea; os meus curmáns Paulo, Roque e Marcos; e as miñas veciñas Sara e Aldara.

2 Explica que indican os puntos suspensivos en cada caso.

Din que a vacina que nos van poñer non fai mal, pero... eu teño medo!

A enumeración non está acabada.

Nós sabemos xogar a moitas cousas: ao parchís, á oca, ao xadrez, ás cartas...

A oración interrómtese para expresar sorpresa.

Cando xa pensabamos que non ía vir... apareceu Manuel!

A oración interrómtese para expresar temor.

3 Completa as oracións escollendo o signo de puntuación que cumpra en cada caso.

, / ;

• Alberte quere ir ao parque cos amigos con todo, cre que os pais non o van deixar porque as últimas notas non foron moi boas.

. / ...

• O sábado pola mañá, Ánxela xoga ao baloncesto Pola tarde, fai os deberes que ten de matemáticas, de inglés, de lingua

, / ;

• Da froitería compra mazás, plátanos e kiwis da panadaría, bolos pan e empanada e da carnicaría, peituga de polo.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

Escribimos **punto e coma** (;) nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración cando algún destes xa leva coma.
- Despois dos enlaces *aínda que*, *malia que*, *non obstante*, *con todo*... cando introducen oracións longas.

Escribimos **puntos suspensivos** (...) nos seguintes casos:

- Para indicar que unha enumeración non está acabada.
- Para indicar que unha oración se interrompe para expresar dúbida, temor, sorpresa, etc...

Nome _____ Data _____

1 Completa o cartel coas palabras propostas.

esvarar • húmido • berrar • estalactitas • teito • lanterna

VISITA Á COVA NEGRA (recomendacións)

- Ten coidado de non tropezar coas _____ que colgan do _____ e non as danes.
- Leva un calzado adecuado para non _____. O ambiente é _____, xa que o teito e as paredes gotean.
- Procura non _____. Molestarías os morcegos que aínda están hibernando.
- Leva unha _____ adecuada. Hai pouca luz.

Que goces coa visita!



2 Substitúe as palabras destacadas por un dos adxectivos do recadro.

- Á cova chégase por un terreo **con moitas rochas**.

estreito

escuro

rochoso

- O primeiro tramo da gruta é **de pouca amplitude**.

- Ao entrar na caverna todo queda **sen claridade**.

3 Relaciona. Con que expresión galega se corresponde cada estranxeirismo destacado?

- Este ordenador ten **un software** antigo. •
- O sendeirismo é **o hobby** principal de Raquel. •
- Mercou **un e-book** novo con moita capacidade. •
- Despois do cine, foron cear a **un burger**. •

- a afección
- un libro electrónico
- unha hamburguesaría
- un conxunto de programas


Nome _____ Data _____

1 Sitúa no mapa estas linguas.

catalán

galego

éuscaro



2 Cal destas linguas se parece máis ao galego? Marca e explica por que cres que ocorre iso.

castelán éuscaro _____

catalán portugués _____

3 Pensa e escribe como lle explicarías a alguén cada un destes conceptos.

• linguas románicas ► _____

• comunidade bilingüe ► _____

4 En que lingua está expresado este saúdo en cada ocasión? Pensa e escribe.

Benvido Ongi Etorri ► _____ Benvingut ► _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Son linguas románicas as que derivan do latín. O galego, igual ca o francés, o italiano, o romanés... é tamén unha **lingua románica**.

As linguas de España son o **castelán**, o **galego**, o **catalán** e o **éuscaro**. Agás o éuscaro, todas estas linguas son románicas.

O castelán é a lingua oficial de todo o Estado. O galego, o catalán e o éuscaro son oficiais, xunto co castelán, nas súas comunidades.

Nome _____ Data _____

1 Cubre os ocos con parénteses ou comiñas, segundo corresponda.

- Ramón María Aller 1878-1966 foi un astrónomo galego de recoñecido prestixio.
- Miguel fixo un debuxo inspirado no cadro As Meninas de Velázquez.
- O meu irmán fíxose socio do CESN Club de Excursionistas Serra Nova.
- Miña nai sempre nos di: Quen de novo non traballa, de vello dorme na palla.
- Xurxo que non mostrou nunca interese polos animais di que quere ser veterinario.

2 Explica por que aparece entre comiñas a palabra destacada.

Pero que «xeneroso», non me deixou nin a proba do pastel.

3 Copia o texto da viñeta en forma de diálogo. Usa a raia para introducir as palabras dos personaxes e os comentarios do narrador.




A nai lía tranquila no xardín. De repente, o fillo preguntoulle:

Ai, pois creo que comín un escaravello...

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- As **parénteses** (()) utilízanse para introducir unha explicación, unha información ou unha aclaración dentro dunha oración.
- As **comiñas** (« ») utilízanse para citar as palabras exactas que dixo ou escribiu alguén; para destacar que unha palabra é incorrecta, doutra lingua, irónica, etc.; ou para citar o título dun poema, dun artigo, do capítulo dun libro, dun cadro; pero non o título dun libro.
- A **raia** (–) utilízase para introducir as palabras dun personaxe ou as aclaracións do narrador cando fala o personaxe.

Nome _____ Data _____


1 Relaciona cada elemento do porto coa súa definición.

- | | |
|---------------|---|
| dique • | • Muro de pedra que protexe o porto das ondas. |
| bocana • | • Calquera vehículo que navega polas augas. |
| estaleiro • | • Lugar preparado para embarcar ou desembarcar. |
| embarcadero • | • Lugar por onde os barcos entran no porto ou saen del. |
| embarcación • | • Lugar onde se constrúen e se reparan os barcos. |

2 Completa cada oración coa forma adecuada do verbo que cumpra.
Ao acabar, localiza cada acción na imaxe.

levantar áncora
izar
embarcar
amarrar

- 1 Os pasaxeiros do cruceiro _____ no transatlántico.
- 2 O capitán do barco que _____ saúda uns turistas.
- 3 O mariñeiro _____ o barco pesqueiro.
- 4 Os tripulantes do veleiro _____ as velas para aproveitar o vento.

**3** Marca a oración de cada parella que contén un arcaísmo e arrodeáo.

- Parecía que aquel mariñeiro ía perder o barco.
- Parecía que aquel mariñeiro ía perder o barco.
- Ese transatlántico só estivo unha vegada neste porto.
- Ese transatlántico só estivo unha vez neste porto.
- Este capíduo do libro conta a infancia do mariñeiro.
- Este capítulo do libro conta a infancia do mariñeiro.





Programa
de ampliación

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.



O grupo nominal é o tipo de enunciado máis abundante na lingua. Chámase *nominal* porque o *nome* é a palabra principal, o núcleo.

A maioría das veces hai varias palabras que acompañan o nome. Pero tamén hai grupos nominais formados por unha soa palabra: un substantivo referido a persoa (*É médico*), un pronome (*Sodes vós?*) ou ben un nome propio (*Son María*). Lembra que os substantivos propios poden ser de persoa, de animal ou de lugar.

- Por que os grupos nominais se chaman así? _____
- Que palabras poden formar un grupo nominal por si soas? _____
- Cales destes substantivos poden formar por si sós un grupo nominal? Marca.
 - ameixa
 - Sabela
 - Luís
 - ordenador
 - Bobi
 - Viveiro
 - armario

2 Subliña os grupos nominais e arrodea os núcleos.

Esta semana estamos tratando os oficios das nosas familias. Hoxe era a quenda do pai de Paulo, que se chama Roberto e é farmacéutico. Fomos á súa farmacia e Roberto explicounos todas as tarefas que se fan alí: venden medicamentos, toman a tensión, usan o ordenador para rexistrar datos... e tamén preparan fórmulas maxistrais de cremas, elaboran colonias antiparasitos, etc. Debe ser un traballo divertido, non?



3 Busca, entre os grupos nominais anteriores, un que teña cada unha destas estruturas e cópiao.

- N. ► _____
- N. + Compl. + Compl. ► _____
- Det. + N. ► _____
- Det. + N. + Compl. ► _____
- Det. + Det. + N. ► _____

4 Analiza os grupos nominais destes enunciados, seguindo o modelo.

- | | | |
|---------------|---------------|-----------|
| Grupo nominal | Grupo nominal | |
| Cada herba | ten a súa | medicina. |
| Det. N. | Det. Det. | N. |
- Cada cliente, o seu tratamento.
 - O son da sirena asustou o doente.
 - Auga moi fría dana os dentes.

5 Le e subliña as palabras que teñen maiúscula. Despois, completa o esquema.



Onte fun á presentación do libro *A nosa aldea*, da escritora Xulia Serranova. A historia conta as aventuras de Paulo e Mar, dous nenos dunha gran cidade, Megaurbe, que regresan coa familia á aldea dos seus avós. Desexaba mercar o libro para que mo asinase a autora, pero, que credes que pasou? Pois que non levaba cartos! Non podo saír da casa con tanta présa!

Esríbese maiúscula

- Ao _____ dun texto.
- Despois de signos que pechan oracións: _____
- En nomes propios de _____, animais e _____
- Nos _____ de _____, películas, cancións...

6 Volve escribir as oracións corrixindo as maiúsculas incorrectas. Tes que atopar seis.

- Xela irá ao conservatorio os Luns e os Xoves.

- O Día 21 de Setembro entraremos no Outono.

- O Hotel en que nos aloxamos chámase Beiramar.



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Mi madriña!
Que néboa!



En galego, o posesivo que acompaña un substantivo vai precedido obrigatoriamente polo artigo determinado (*o meu reloxo, a miña familia, os meus cadernos, as miñas mans...*).

Con todo, existen algunhas excepcións. Se te fixas, decatáste de que os posesivos poden ir sen o artigo diante en certas ocasións: cando ese posesivo vai acompañando substantivos de parentesco próximo (*Meus pais presentáronse a un concurso de baile.*); nos vocativos (*Lémbrete, meu amigo, as estrugas pican!*) e en expresións afectivas como: *mi madriña! miña rula! meu pobre!*

- Que determinante acompaña os posesivos? Pon un exemplo. _____

- En que casos pode non usarse o artigo diante do posesivo? _____

- En cal destas oracións se usou mal o posesivo. Márcaa.

<input type="checkbox"/> Perdín meu libro de música.	<input type="checkbox"/> Onde vas, miña rula?
<input type="checkbox"/> Marta quere pintar a súa casa.	<input type="checkbox"/> A nosa mestra é moi divertida.

2 Volve escribir as oracións substituíndo as expresións destacadas por posesivos.

- O coche **de vós** está no taller **del**.

O voso coche está no seu taller.

- Deixei os pinceis **de ti** na mochila.
- _____

- Mónica e Fiz mercaron as acuarelas **deles** nesa papelería.
- _____

- A veciña **de min** vai vender a casa **dela**.
- _____

3 Marca con A as palabras agudas, con G as graves e con E as esdrúxulas.

- | | | | | |
|-----------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> corredor | <input type="checkbox"/> cóxegas | <input type="checkbox"/> puré | <input type="checkbox"/> frigorífico | <input type="checkbox"/> asento |
| <input type="checkbox"/> fórmula | <input type="checkbox"/> automóbil | <input type="checkbox"/> pirámide | <input type="checkbox"/> millo | <input type="checkbox"/> madeira |
| <input type="checkbox"/> tenda | <input type="checkbox"/> tesoirá | <input type="checkbox"/> chícharos | <input type="checkbox"/> bacallau | <input type="checkbox"/> mandil |



4 Ponlles acento ás palabras que o precisen.

**Restaurante
O Gastronómo**

Menu

Primeiro prato

- Y Canelons de atun con salsa de champiñons
- Y Arroz caldoso con esparragos

Segundo prato

- l Salmon guisado con espinacas
- l Faisan recheo de pate e salsa de pexego

Sobremesa


- l Sorbete de limon
- l Flan de cafe

Prezo: 15 euros

A bebida non esta incluida.



5 Relaciona cada produto co lugar onde se ten que gardar.



frigorífico

despensa

conxelador

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Alí detrás vin un par de cascudas!



Ademais dos numerais cardinais e ordinais, existen outro tipo de numerais: os **multiplicativos**, os **partitivos** e os **colectivos**.

Os numerais **multiplicativos** expresan o aumento dunha cantidade multiplicada. As formas máis usadas son *dobre*, *triplo/a*, *cúadruplo/a*, *quíntuplo/a*...

Os numerais **partitivos** expresan a cantidade en que se divide unha unidade. Por exemplo: *medio*, *metade*, *terzo*, *cuarto*, *quinto*...

Os numerais **colectivos** expresan un conxunto formado por unha cantidade exacta de unidades. En realidade son substantivos con significado numeral. Por exemplo: *par*, *parella*, *trío*, *decena*, *ducía*, *quincena*, *vintena*, *cento*...

- Que tipos de numerais coñeces? _____
- Que é un numeral partitivo? _____

- Hai algún numeral nestas oracións? Subliña e escribe de que tipo é.

Na casa temos unha parella de coellos. ► _____

Meu irmán pequeno ten oito anos. ► _____

A súa oficina está no cuarto andar. ► _____

Teu irmán comeu media empanada el só. ► _____

Nese traballo Xiana vai ter o dobre de soldo. ► _____

2 Completa cada oración cun numeral colectivo dos que tes no cadro.

millar • ducía • triplo • par • corentena

- Teño dez ovos; se me dás dous, terei unha _____.
- O _____ de tres é nove.
- Preciso un _____ de botas de goma.
- Houbo un _____ de persoas no concerto.
- O período de corenta días é unha _____.



3 Le o texto, arrodea os indefinidos e subliña os numerais.

Pensando ideas

Aleixo está a pensar no deseño do cartel de Entroido que vai presentar ao concurso este ano. Ten bastantes ideas pero tamén algunhas dúbidas.

Algúns deseños poden ser un pouco complicados. Terá que facer unhas cantas probas e necesita dúas semanas como mínimo. Esta é a quinta vez que se vai presentar e na última quedou segundo. A ver con que nos sorprende!



4 Volve escribir as oracións corrixindo os indefinidos incorrectos.

- Vicente levaba pouco cartos e tivo que pagar con tarxeta.

- Tiña tanto fame que comería unha vaca!

- Virá Antón calquer día e non teremos feito o traballo.

- Aldara sempre ten bastantas cousas que facer.

5 Pensa e explica. Por que levan acento gráfico as palabras destacadas?

- Ao chegar á casa, comemos un **sándwich** vexetal.

- Colocaránlle un **gardapó** a ese moble.

- **Asegúrate** de que apagaches a luz antes de saír.



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Ti les o xornal e eu
relerei unha revista.



É importante non confundir as conxugacións, nin as formas verbais. Ten en conta que son verbos regulares:

– Os verbos acabados en *-cer* e en *-cir* (agás *facen* e *dicen* e derivados). Por exemplo: *parecer*, *coñecer*, *nacer*...; *traducir*, *conducir*, *producir*...

– Os verbos *ler*, *rir*, *crer* (*lerei*, *cren*...) e os seus derivados.

Cómpre ter en conta tamén que os verbos *bater*, *encher*, *erguer*, *fender*, *ferver*, *interromper*, *invertir*, *recorrer*, *verter*... son da segunda conxugación, e non da terceira (como ocorre cos verbos correspondentes en castelán).

- Que verbos coñeces que en galego son da segunda conxugación e en castelán, da terceira? _____

- A que chamamos verbos regulares? _____

- Cal é o infinitivo destas formas verbais? Escribeo.

reledes ► _____ sorriades ► _____ converteron ► _____

coñezo ► _____ introduzas ► _____ interrompas ► _____

2 Completa estas oracións coa forma verbal axeitada de cada verbo.

reler

- Antes de cubrir o documento, por favor _____ os apartados.

crer

- Eles non _____ nada do que lles contaches.

rir

- Ao ver saír os pallasos, os nenos _____ ás gargalladas.

obedecer

- Aconsélloche que _____ e fagas o que che di túa nai.






bater

- Saíuvos mal o pastel porque non _____ ben a masa.

converter

- Esa rapaza _____ no futuro nunha gran científica.

3 Observa a secuencia e explica o proceso usando os termos propostos.



Como montar unha tenda de campaña

Primeiro _____

4 Ponlles acento diacrítico ás palabras destacadas que o precisen e explica en cada caso por que o colocaches.

A nosa veciña Lin **e** chinesa e todos os anos viaxa **a** súa terra, na China. Cando **ven** de volta sempre me trae unha caixiña de **te**. Que amable!



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Estivo comigo sempre
e desde agora estará contigo!



Algunhas formas dos pronomes persoais tónicos contraen con certas preposicións.

As formas *min, ti, si, nós, vós, si* contraen coa preposición *con* e dan lugar ás formas de compañía.

1. ^a persoa	<i>comigo</i>	<i>connosco</i>
2. ^a persoa	<i>contigo</i>	<i>convosco</i>
3. ^a persoa	<i>consigo</i>	<i>consigo</i>

Pola súa parte as formas tónicas de terceira persoa (*el, ela, eles, elas*) tamén contraen coas preposicións *de* e *en*: *del, dela, deles, delas; nel, nela, neles, nelas*.

- Cales son as formas contraídas dalgúns pronomes persoais tónicos coas preposicións *en* e *de*? _____
- Que expresan as formas de pronome tónico contraído coa preposición *con*? _____
- Que forma do pronome persoal de compañía falta en cada oración? Completa.
Anda, ven _____ á festa; xa verás que ben o pasamos.
O mestre comunicounos que irá _____ á excursión de fin de curso.
Creo que Ramón está enfadado _____ mesmo.

2 Cambia o destacado por pronomes persoais. Fai as contraccións cando sexa preciso.

- **Rocío e mais eu** pedaleamos xuntas. A miña bicicleta é igual á **de Rocío**.

- **A miña veciña** non confiou **naqueles vendedores**.

- **Ti e túa irmá** ides no mesmo autobús ca **esa rapaza**?



3 Enche os ocros cun pronome persoal átono que lle acaia ao sentido da oración.


- Roi deu _____ unha patada á pelota pero non _____ lanzou lonxe.
- A Anxo vou _____ regalar un libro e a ti regalarei _____ outro.
- Este banco de madeira non _____ pintou meu pai, pintou _____ o avó.
- Cando _____ vas traer o disco que _____ emprestei hai catro meses?
- Iso que _____ contas xa _____ sabía eu hai tempo.
- Luísa, deixei _____ os cartos para o pan na mesa da cociña!



4 Escribe estas oracións expresándoas en negativo. Fíxate ben se tes que colocar o pronome persoal antes ou despois do verbo.

- Fíxolle caso ao consello. ▶ _____
- Antía deixoume a súa bicicleta. ▶ _____
- Enviounos o pedido onte. ▶ _____
- A Xoán, ti felicítáchelo? ▶ _____
- Déronse a man ao chegar. ▶ _____
- Arranxáronlle o teléfono? ▶ _____
- Óiote ben desde aquí. ▶ _____

5 Le estes cantos de berce e pensa que letras faltan. Despois escríbeos.



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Verdadeiramente,
é moi curioso!



Posiblemente, a clase de adverbios máis numerosa é a de modo, polo feito de que podemos formalos con moita facilidade engadindo a terminación *-mente* a adxectivos en xénero feminino: *antigamente*, *correctamente*...

Pero hai que ter en conta que hai adxectivos que son invariables en xénero, é dicir, que teñen a mesma forma para o masculino e para o feminino. Por iso, temos adverbios como *libremente*, *axilmente*...

Estes adverbios acabados en *-mente*, como todos os outros, poden modificar ou complementar o significado dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio, ou de toda unha oración.

- A que clase de adverbios pertencen os que acaben en *-mente*? _____

- A que clase de palabra se engade *-mente* para formar adverbios de modo? En que xénero estará?

- Que adverbios podes formar a partir destes adxectivos? Escríbeos.

perfecto ► _____ mesmo ► _____

novo ► _____ hixiénico ► _____

2 Le e subliña os oito adverbios que hai no texto.**Unha visita moi interesante**

Hoxe, co colexio, visitamos unha planta de reciclaxe de vidro. Queda lonxe e a viaxe foi bastante longa, pero a visita estivo moi ben. Unha vez alí, un operario mostrounos todo o proceso. O vidro recollido tritúranos e del sacan uns pos que serven para fabricar novos envases. O proceso non é complicado e tamén axuda a aforrar area e auga.



3 Explica de que tipo é cada adverbio da actividade anterior.

4 Substitúe nestas oracións os adverbios destacados por outro de significado contrario.

- Esa rapaza que acompaña a túa irmá fala **pouco**.

- A nosa aldea está **preto** e imos unha vez á semana.

- Pasou por diante do escaparate camiñando **devagar**.

- Esta lámpada ilumina **peor** ca aquela outra.

5 Volve escribir as oracións substituíndo por un adverbio as expresións destacadas.

- Fai os deberes **o máis rápido posible**; temos que ir ao parque.


Fai os deberes axiña; temos que ir ao parque. _____

- Conduce **sen apurar demasiado** que a estrada está perigosa.

- Andrés asegura que deixou **neste mesmo lugar** as chaves da casa.


- **O día despois de hoxe** saberemos o resultado do exame.

- Esta manteiga xa ten moito tempo; **é fácil que** estea estragada.



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.



Cando falamos de *enlace*, este termo estamos indicando a función que cumpre esta clase de palabra na lingua: enlazar, unir; enlazar palabras que teñen a mesma categoría ou ben unir un elemento co seu complemento.

Hai dous tipos de enlaces: as **preposicións** e as **conxuncións**. Tanto as preposicións coma as conxuncións teñen unha soa forma invariable. E algunhas preposicións (*a, con, de, en, por*) contraen con artigos, con demostrativos e con algúns indefinidos; por exemplo: *do, deste, nalgún...*

• Cales son as funcións dos enlaces? _____

• Que tipo de enlaces hai? E de conxuncións? _____

• Cales destas palabras non son enlaces? Ríscaas.

pero
o
esa
debaixo
segundo
ou

2 Ordena as palabras e escribe oracións. Ten en conta as contraccións que haxa que facer.

• equivocouse sal a e botoulle o Mariña iogur.

• traballa en unha fábrica A Carne de lámpadas señora.

• por adiante cantando unha Marchou o camiño canción.

• verán máis Este ano o século tivemos o caloroso de.

3 Fíxate nas palabras destacada e copia só as que sexan preposicións.

Unha rapaza previsora

A miña compañeira Silvia **non** sae nunca da casa **sen** unha lanterna na mochila. A min chamoume a atención. Levábaa alí **por** un descoido **ou** habería unha causa especial? Ela mesma mo aclarou cando iamos **para** a clase. Disque cando baixa do autobús, ten que camiñar **un** treito **desde** a parada **ata** a súa casa. Algunha vez os farois iluminan **mal** a beirarrúa. Daquela, ela saca a súa lanterna **e** xa non ten problema para ver ben.



SON PREPOSICIÓNS: _____

4 Completa cada oración coa preposición do cadro que corresponda.

durante • para • entre • contra • deica

- Este camiño estreito chega _____ a ponte romana.
- A miña avoa Carme foi enfermeira _____ vinte anos.
- O rapaz deu un golpe _____ a porta do coche ao saír.
- Precisamos unha ducia de ovos _____ ese biscoito.
- A nosa casa queda a medio camiño _____ Soutomaior e Redondela.

5 Fíxate neste texto creado a partir de preposicións e inventa ti outro semellante partindo das mesmas preposicións ou doutras.

A ese luminoso verán,
ANTE o sol lacazán,
ATA a chegada da noite,
BAIXO a sombra da árbore,
CABO o plácido regato,
CANDA o canto dos paxaros,
EN sintonía plena,
 escribo este poema.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Na lingua consideramos a oración desde tres puntos de vista: a orde, o sentido e a entoación.

Polo que respecta á orde, é necesario que a oración teña os seus elementos ben ordenados, xeralmente cun suxeito e cun predicado, para que poida entenderse a mensaxe.

En canto ao sentido, ten moito que ver coa orde e tamén co feito de que unha parte e a outra da estrutura vaian ligadas. Así, por exemplo, se o núcleo do suxeito está en plural, o do predicado tamén ten que estar.

E, finalmente, tamén é moi importante que se faga un bo uso dos signos que marcan como pronunciar a oración, é dicir, da entoación e das pausas.

- Cales son os tres puntos de vista con que se considera a oración? _____

- Que trazos característicos ten que ter a oración para ser correcta? _____

- Cal dos dous grupos de palabras é unha oración? Márcaa.

pon a ensalada a aceite Tareixa.

A entrada á cova está pechada.

2 Transforma cada frase nunha oración engadindo os elementos que queiras.

• _____

• _____

• _____

3 Subliña as oracións que teñen suxeito léxico e arrodea as que teñen suxeito gramatical.

Dous amigos diferentes

Carla e Vicente son amigos desde pequenos. Teñen afeccións

ben diferentes: Carla monta a cabalo todas as semanas.

Para ela, os cabalos son animais moi agradables e fieis.

Pola contra, Vicente tenlles medo aos cabalos. El ten unhas afeccións máis tranquilas;


por exemplo, a música e o xadrez. Aínda así, pásano moi ben xuntos.



4 Escribe unha oración en que o suxeito teña cada unha destas estruturas.

- Det. + Det. + N. ► _____
- Det. + N. + Compl. ► _____
- Det. + N. + Compl. + Compl. ► _____
- Det. + Compl. + N. + Compl. ► _____

5 Completa as seguintes oracións coa palabra que corresponda a cada unha das imaxes. Fíxate se ten que escribirse con *h* ou sen el.



- Pedro vai facer un curso para aprender a pilotar _____.
- María, trae media ducia de _____ do mercado para facer a tortilla.
- Aquel surfista sabe subir á crista das _____.
- Ademais de cantar, Serxio toca a _____ moi ben!
- Descubriron un _____ de dinosauro na escavación.
- De todas as mascotas que tes, o _____ é a que máis me gusta.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Xa sabemos que o predicado nominal expresa como é ou como está o suxeito e que o seu núcleo é sempre un verbo copulativo. Iso significa que é unha cópula ou nexo de unión entre o suxeito e o predicado nominal. Os verbos copulativos son *ser*, *estar* e *parecer*, e son verbos que sen o suxeito, o predicado non ten sentido.

Pero os verbos *ser* e *estar* poden comportarse como verbos predicativos, e polo tanto non teñen un valor copulativo. O verbo *estar* é predicativo cando posúe o significado de *atoparse*, *permanecer*. O verbo *ser* é predicativo cando ten o significado de *existir*, *ocorrer*, *acontecer*.

Compara:

A floraría está *alí*. (*sitúase*)
(PV)

A floraría está *pechada*.
(PN)

A festa é *mañá*. (*acontecerá*)
(PV)

A rosa é *fermosa*.
(PN)

- Como se chaman os verbos que introducen un predicado nominal? Por que se chaman así? _____

- En cales destas oracións o verbo *estar* ten valor predicativo, é dicir, forma un predicado verbal? Márcaas.

Esas cereixas están aínda verdes.

Xoán non está na casa hoxe.

O sorteo das entradas será o vindeiro sábado.

Algún día Andrea será bióloga.

2 Subliña os predicados das oracións. Despois, indica se se trata dun predicado nominal (PN) ou dun predicado verbal (PV).

- O campión da carreira recibiu o trofeo con alegría.
- O papagaio do meu irmán é moi falador.
- Francisco celebrará o aniversario o venres próximo.
- O curmán de Carlos parece moi boa persoa.
- A nena está moi satisfeita polas notas deste trimestre.



3 Escribe predicados nominais e predicados verbais para completar estas oracións.

- O martes, Luísa e ti _____
- O espectáculo dos magos _____
- Eu _____

4 Copia as oracións con predicados nominais e analízalos coma no exemplo.

CORREO ELECTRÓNICO

Asunto:

Papá, chegamos a Roma. Roma é unha cidade moi turística. Mañá faremos un percorrido para visitala. A visita parece longa e pesada. Os meus amigos están emocionados pola viaxe. Falaremos pronto.
Luís

- PN
- Roma é unha cidade moi turística.
V. cop. Atributo
 - _____
 - _____

5 Completa o texto coas grafías *x* ou *s* e co dígrafo *ll*, segundo corresponda.

Programación para ____ño e ____ullo

A A____ociación Cultural Burbu____as presenta estas actividades:

- ★ Actuación do mago E____céntrico coa e____trea do seu novo e____pectáculo «Ma____ia e____trema».
- ★ Obradoiro de ar____ila e e____posición de vasi____as.
- ★ Pre____entación do libro de receitas: *Algo máis ca lente____as!*
- ★ Pro____ección do filme: *E____ploradores na busca de e____traterrestres.*



E____PERÁMOSVOS!



Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Carme levoulle as maletas a Antón á estación.



Ás veces, nun predicado verbal, custa un pouco recoñecer os complementos e as súas clases. Un truco que pode resultar útil para descubri-lo é facerlle preguntas ao verbo. Para detectar un complemento directo (CD), preguntaremos *que?* ao verbo: *Marta leva **as maletas*** → *Que leva Marta? As maletas*. Para saber cal é o complemento indirecto (CI), preguntaremos *a quen?*: *Dállo **a Antón*** → *A quen llo dá? A Antón*. Polo que respecta ao complemento circunstancial (CC), a pregunta depende da circunstancia que expresa; por exemplo: *Ceamos **na casa*** → *Onde ceamos? CC de lugar*; *Fala **lentamente*** → *Como fala? CC de modo*; *Carme viaxa **moito*** → *Canto viaxa? CC de cantidade*.


- Que complementos pode levar un predicado verbal? _____

- Que pregunta hai que facerlle ao verbo para detectar un complemento directo? E un indirecto? _____

- Que tipo de complementos circunstanciais coñeces? Menciona tres. _____

2 Relaciona os suxeitos cos predicados verbais correspondentes.

- | | |
|-----------------------|------------------------------------|
| A mesa da cociña • | • colleredes o tren da tarde. |
| Os meus amigos e eu • | • arrebatoulle o triunfo ao rival. |
| O teu irmán mais ti • | • necesita unha pata nova. |
| O noso equipo • | • rimos moito na sala de xogos. |

**3** Copia, dos predicados anteriores, os que teñan estas estruturas.

- V + CD ► _____
- V + CD + CI ► _____
- V + CC Cantidade + CC Lugar ► _____

4 Escribe CD ou CI segundo corresponda e volve escribir as oracións substituíndo cada complemento polos pronomes correspondentes (*o, a, os, as / lo, la, los, las / no, na, nos, nas* ou *lle, lles*).

- Claudia entregou o libro hoxe na biblioteca.

CD

Claudia entregouno hoxe na biblioteca.

- Fixemos todos os traballos de lingua onte na biblioteca.

CI

- O xefe chamou aos técnicos informáticos esta mañá.

CI

- O alcalde entregará as chaves da cidade ao científico.

CI

- Ese mecánico arranxa moitas bicicletas aos ciclistas.

CI



5 Volve escribir a ficha colocando comas e dous puntos onde sexa preciso.

ARGUMENTO Remedios unha rapaza valente e decidida marcha soa ao bosque. Desexa ver tobos covas lagoas e moitas outras cousas. Internándose na intensa vexetación chegará a un claro. Alí descubrirá un poboado especial composto por moitos personaxes fadas gnomos mouras e outros seres fantásticos que conviven felices.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Pregúntome canto tempo
levo correndo.



Segundo a intención do falante, as oracións poden ser enunciativas, imperativas, dubitativas, desiderativas, interrogativas e exclamativas.

As interrogativas son as que formulan preguntas e poden ser de dous tipos: directas e indirectas.

As interrogativas **directas** teñen forma de pregunta, rematan en signo de interrogación e pronúncianse con entoación interrogativa:

Canto tempo corriches?

As interrogativas **indirectas** teñen forma de afirmación ou de negación, non levan signo de interrogación, pronúncianse con entoación enunciativa e van introducidas por un verbo como *saber*, *explicar*, *preguntar*, *contestar...* e unha *partícula que, quen, como, cando*:

Dime canto tempo corriches.

- Que son as oracións interrogativas? De que dous tipos poden ser? _____

- Como diferencias unha oración interrogativa indirecta dunha directa? _____

- Son interrogativas directas (**D**) ou interrogativas indirectas (**I**) as seguintes oracións? Marca.

<input type="checkbox"/> Dime onde están as chaves.	<input type="checkbox"/> Onde están as chaves?
<input type="checkbox"/> Como gañaches o premio?	<input type="checkbox"/> Explícame como gañaches o premio.
<input type="checkbox"/> Conta onde deixaches os libros.	<input type="checkbox"/> Onde deixaches os libros?

2 Converte estas oracións interrogativas indirectas en directas.

- Dime se me podes achegar á biblioteca.

- Aclárame quen abriu a ventá do cuarto.

- Explícame onde quedaron os nosos bocadillos.

3 Escribe unha oración interrogativa directa e transfórmaa despois en indirecta.

4 Escribe oracións interrogativas directas que teñan como resposta estas oracións enunciativas.

- | | |
|---------|---|
| – _____ | – Levou un golpe no pé. |
| – _____ | – O viaxeiro ía sentado no asento traseiro. |
| – _____ | – Ese cestiño servirá de froiteiro. |
| – _____ | – Colgounos para que secasen. |
| – _____ | – Non veu porque tiña moito traballo. |

5 Copia tres clases de oracións diferentes segundo a actitude do falante.

Que era aquel ruído? De onde viña? Como lle tremían as pernas! Tiña que ser forte. Tiña que afrontar o medo. Medo na súa propia casa? Abriu a porta. Ao outro lado... o misterio! Unha ventá golpeábase co vento.



6 Le o texto e di a que signo de puntuación corresponde cada símbolo.

Rosa é espeleóloga: covas★ grutas e todo tipo de cavidades son a súa paixón◆ Coñece moitas das que se atopan preto de aquí* non obstante, aínda lle faltan seis para descubrir en tres aldeas veciñas: en Vilalta★ a cova Branca★ a dos Lobos e a dos Mouros* en Penalba★ a cova Furada e a dos Misterios* e en Mirasol★ a cova dos Encantos◆

- | | |
|---|-------|
| ★ | _____ |
| ◆ | _____ |
| * | _____ |

7 Que expresan os puntos suspensivos nestas oracións? Explica.

- Sabes que saquei no exame? Saquei... un dez! ▶ _____
- Non sei que facer... Ti vas ir á festa? ▶ _____
- De sobremesa temos flan, pastel de chocolate, piña... ▶ _____

Nome _____ Data _____

1 Le o texto e responde as preguntas.

Como xa sabes, as linguas que proveñen do latín son linguas **románicas**. O galego, o castelán, o catalán... son linguas románicas que se falan en España.

Gallaecia,
romana est!



As palabras do latín foron evolucionando, ao longo dos séculos, de forma diferente nunhas linguas e noutras. Algúns deses cambios son característicos de cada lingua. Fíxate nos resultados desa diferente evolución nos sons destacados nestes termos latinos:

	LATÍN	GALEGO	CASTELÁN	CATALÁN
O -N- entre vogais	LUNAM	lúa	luna	lluna
Cambios en grupos consonánticos	PLORARE	chorar	llorar	plorar
	CLAVEM	chave	llave	clau
O F- inicial	FERRUM	ferro	hierro	ferro

- A que chamamos lingua románica? Que linguas románicas coñeces? _____
- Que lingua románica se di que é irmá do galego? Por que? _____
- Relaciona cada termo latino coa palabra galega e coa castelá que proceden del.

NOCTEM	boa	toro
FILIUM	moa	hijo
TAURUM	touro	noche
MOLAM	fillo	muela
BONAM	noite	buena

2 Ordena e escribe os nomes dalgunhas linguas románicas.

- ANROMÉS ► _____
- TUSGUÉPOR ► _____
- TANOCIOC ► _____
- CÉSFANR ► _____
- OLIANITA ► _____
- SODAR ► _____

3 Le estas estrofas pertencentes ao poema «A fala», do poeta Manuel María. Despois, responde.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
Se perdemos a fala,
non seremos ninguén!

- Por que di que a lingua «é a voz dos avós»? _____

- De que maneira deixamos nós «un ronsel na lingua»? _____

- Que ocorrerá se perdemos a nosa lingua? _____

4 Pon parénteses e comiñas onde cumpra.

Invitación

A AAM Asociación de Amigos do Mar


comprácese en convidalo á conferencia

Embarcacións tradicionais de vela nas rías galegas

a cargo de Xesús Áncora O Gameleiro .

O acto terá lugar o 3 de xuño, ás 19.00 horas,

no salón de actos do antigo estaleiro paseo do Con, 4 .



5 Conta por escrito este chiste. Asegúrate de usar a raia correctamente.





Soluciones

Solucións

PLAN DE MELLORA

UNIDADE 1

Ficha 1. O grupo nominal

- **Saleta** ten unha **casa** antiga enorme.
 - O **pai** de Carme é **aquel home** alto.
 - A **zanfona** ten **un son** moi **característico**.
 - O **primeiro concursante** acertou **todas as preguntas**.
- Uns brazos → ben fortes / A mestra → de Lingua / Unhas rapazas → moi faladoras / Aquel tarro → con flores brancas.
- unhas (Det.) zapatillas (N.) vellas (Compl.),
• a (Det.) nosa (Det.) amiga (N.) de Ferrol (Compl.),
• aquel (Det.) coche (N.) vermello (Compl.),
• tres (Det.) cuncas (N.) de caldo (Compl.),
• algúns (Det.) vasos (N.) de plástico (Compl.).

Ficha 2. O uso das maiúsculas

- Levaron a **X**es ao cine a ver a película **A** *tropa de trapo*.
 - O río **Miño** desemboca no océano **A**tlántico.
 - O que quero que compres, **C**arlos, é azucre, fariña e ovos.
 - Os avós **X**osé e **Á**gueda visitarannos este mes.
- 1.º debuxo: **A**s aventuras de **F**áisca.
2.º debuxo: **V**iaxe a **S**aturno.
3.º debuxo: **U**nha mascota para **C**arme.

Ficha 3. A farmacia. A prefixación e a sufixación

- Risoix son unhas **pastillas**...
